



RT



Proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística

Convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística
[Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca a participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso académico 2021/2022 e se establecen as bases reguladoras para realizalos]

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES Rego de Trabe
Culleredo



Índice

Índice.....	2
1 Título do proxecto.....	
2 Introducción.....	
2.1 Contextualización e análise DAFO.....	3
2.2 Xustificación do proxecto. A idea RT.....	5
3 Obxectivos.....	6
3.1 Obxectivos específicos e/ou a curto prazo (por destinatarios/as).....	6
3.2 Obxectivos xerais e/ou a máis longo prazo.....	7
4 Accións para acadar os obxectivos.....	8
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	10
5.1 Metodoloxías.....	10
5.2 Bases, valores e innovación do proxecto.....	10
6 Xestión e temporalización.....	11
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	12
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas.....	12
7.2 Alumnado participante.....	13
7.3 Destinatarios/as e participantes.....	13
8 Recursos materiais necesarios.....	14
9 Orzamento.....	15
10 Colaboracións institucionais.....	15
11 Medidas de difusión do proxecto.....	16
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos.....	16
11.2 Alcance.....	17
12 Plan de avaliación.....	17
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	17
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso e prestixio da lingua galega na comunidade educativa.....	18

1 Título do proxecto

O título do proxecto, **RT**, fai referencia ao nome do noso IES, Rego de Trabe, ao mesmo tempo que ao significado que esta abreviación ten nas redes sociais: *retwittear*, rechouchiar, isto é, difundir, compartir información, facela chegar a canta máis xente mellor.

2 Introducción

2.1 Contextualización e análise DAFO

O IES Rego de Trabe, situado no Concello de Culleredo, é un instituto que comezou a súa actividade en 2016. Neste curso 2021-2022 conta con preto de 700 alumnas e alumnos entre a ESO, ESA e bacharelato. Para a actividade académica úsanse desde o curso pasado dous edificios próximos pero en recintos diferentes, o propio centro orixinal do Rego de Trabe, onde están as aulas da ESO e os servizos comúns (servizos administrativos, dirección, departamentos, talleres, ximnasio, pistas deportivas, conserxaría etc.) e o edificio próximo As Mariñas, onde están as aulas de bacharelato e da ESA, ademais dunha ampla sala habilitada como biblioteca ou o espazo *maker*. Esta división en dous edificios condiciona en boa medida toda a actividade do IES e, polo tanto, tamén a actividade do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Neste curso hai **27 grupos**: cinco de 1º da ESO, cinco de 2º da ESO, catro de 3º da ESO, catro de 4º da ESO, catro de 1º de bacharelato, catro de 2º de bacharelato e un módulo da ESA.

En liñas xerais, a lingua ambiental do alumnado é o castelán, que é a lingua moi maioritaria de uso entre eles/as nos contextos informais, e **a lingua de comunicación xeral do IES é o galego**.

Con respecto á contorna do centro:

- O IES Rego de Trabe sitúase no Burgo, parroquia pertencente ao Concello de Culleredo. Este municipio localízase na marxe esquerda da ría do Burgo e é un dos principais eixes da expansión urbana da área metropolitana da Coruña. Segundo os datos do IGE, no 01/01/2020, **a poboación do concello é de 30.685 habitantes** (15.881 mulleres e 14.804 homes). Esta poboación repártese en 11 parroquias: Almeiras (San Xián), O Burgo (Santiago), Castelo (Santiago), Celas (Santa María), Culleredo (Santo Estevo), Ledoño (San Pedro), Orro (San Salvador), Rutis (Santa María), Sésamo (San Martiño), Sueiro (Santo Estevo), Veiga (San Silvestre). Algunhas destas parroquias teñen unha estruturación rural e outras totalmente urbana. Debido a que o noso IES non ten servizo de

transporte escolar e o outro IES do concello si (o IES Blanco Amor), a gran maioría do alumnado vén dos lugares máis próximos, que son, ao mesmo tempo, os máis urbanos e castelanizados, principalmente do Burgo.

- Tanto segundo os datos oficiais (Instituto Galego de Estatística ou Mapa Sociolingüístico de Galicia) como por observación propia, esta, a **área metropolitana da Coruña, é unha das zonas máis desgaleguizadas do país**. Os usos lingüísticos en galego na poboación xeral son minoritarios e canta menor é a idade, menor é o uso.
- Nas zonas urbanas do municipio hai familias procedentes doutras zonas de Galicia onde o uso do galego é maioritario. Aínda que nalgunhas desas familias se mantén o uso do galego no seo familiar, é tendencia xeral que as rapazas e os rapaces desas familias socialicen a través do castelán, tamén no instituto.

Con respecto aos usos lingüísticos do profesorado e do IES:

- **A lingua de comunicación xeral do IES é o galego** (documentación, carteis, web, redes, actividades etc.).
- **Unha porcentaxe considerable do profesorado ten o galego como lingua de uso habitual no IES**, independentemente da lingua que empregue nos seus ámbitos privados ou da lingua en que, de acordo coa lexislación vixente, imparta as súas materias.

Con respecto aos usos lingüísticos do alumnado:

- **Arredor do 90 % ten o castelán como lingua de uso habitual nas súas relacións espontáneas no instituto**, aínda que empregue o galego nas interaccións académicas das materias nas que é necesario. Deses porcentaxe, unha pequena parte pode ter o galego como lingua de uso familiar, mais emprega o castelán como lingua de relación cos compañeiros e coas compañeiras.
- **Menos do 10 % ten o galego como lingua de uso maioritario** nas súas relacións espontáneas no instituto.
- Arredor do 5 % non ten competencia en lingua galega, por ter procedencia de fóra de Galicia e levar aínda pouco tempo na nosa comunidade.
- No caso do bacharelato, hai unha pequena porcentaxe de alumnado procedente de zonas rurais que vive na residencia da Universidade Laboral, que estuda no noso IES e que ten o galego como lingua de uso maioritario.

Polo que se refire ás dinámicas de participación, o IES Rego de Trabe conta cun **alumnado, en xeral, moi participativo** e cun **equipo docente especialmente activo e dinámico** que desenvolve múltiples proxectos de innovación e dinamización educativa (algúns deles no marco dos contratos programa da Consellería de Educación ou de Proxecta+),

como, por exemplo, Club de Ciencia, equipo de Robótica, Club de Debate, Club de Lectura, Horta... Tamén conta cun Equipo de Biblioteca moi activo ou con Espazo Maker desde 2019.

Neste contexto faise óptimo o desenvolvemento dun proxecto como o proposto no que, a través da comunicación audiovisual, se poidan ligar, coordinar e visualizar de maneira unitaria os diversos proxectos de centro e se poida incentivar que o alumnado aprenda facendo, de maneira práctica, dinámica e innovadora, ao mesmo tempo que se fomenta, de xeito transversal, o uso e o prestixio da lingua galega.

ANÁLISE DAFO

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • A práctica totalidade do alumnado ten como lingua de uso oral habitual o castelán. • Non hai, en xeral, tradición de comunicación da maneira proposta neste proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • A exposición pública a través da publicación do material audiovisual pode ser algo que, nalgúns casos, bote para atrás as/os adolescentes. • Pode haber dúbidas da acollida e recepción do proxecto nas persoas destinatarias.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • O galego é a lingua habitual da comunicación oficial do centro (web, indicadores, comunicacións coas familias..). • O dominio das novas tecnoloxías, das linguaxes audiovisuais e das redes sociais é algo xeneralizado entre as/os adolescentes. • O IES conta cun profesorado especialmente activo e múltiples proxectos que é bo comunicar de maneira unitaria e conxunta. 	<ul style="list-style-type: none"> • Que o galego poida ser a lingua de uso público común na comunicación é algo, en xeral, ben acollido socialmente. • A vinculación do galego a través da comunicación con novas linguaxes audiovisuais pode ser un factor moi interesante e que o alumnado e o profesorado valoren positivamente.

2.2 Xustificación do proxecto. A idea RT

A idea RT de aprendizaxe comunicativa consiste en desenvolver un proxecto transversal no que, a través da comunicación audiovisual, se incentiva e fomenta o uso e o prestixio da lingua galega no conxunto da comunidade escolar e en todos os ámbitos, proxectos e niveis do instituto. Así, principalmente por parte do alumnado, créanse recursos e produtos comunicativos e audiovisuais para a publicación e/ou retransmisión a través de diferentes

plataformas (en principio Instagram, pero tamén se usará / valorará Youtube, Twitter e / ou Twitch), de modo que se comunica a actividade diaria do instituto e, a través do galego, se incentiva a creación de recursos comunicativos, divulgativos e formativos (vídeos, entrevistas, reportaxes, tutoriais...) das diversas áreas e materias e dos múltiples e activos proxectos do IES Rego de Trabe (Club de Ciencia, EDLG, Robótica, Club de Debate, Deportes, Biblioteca, Club de Lectura, Espazo Maker, Horta...).

En definitiva, e en resumo, a idea consiste en usar a comunicación como método e "desculpa" para a aprendizaxe interdisciplinaria e, á vez, para o fomento do galego. O alumnado, ao preparar contidos sobre un tema para comunicar, aprende facendo, e faino dunha maneira activa e que lle resulta atractiva e motivadora.

3 Obxectivos

3.1 Obxectivos específicos e/ou a curto prazo (por destinatarios/as)

Alumnado

- Aprender facendo, usando a comunicación audiovisual como método para a aprendizaxe.
- Fomentar a creatividade do alumnado a través da creación de produtos audiovisuais diversos e concretos de diversas temáticas, para diferentes materias etc.
- Fomentar a coordinación e o traballo en equipo.

Profesorado

- Aproveitar o proxecto para que o alumnado aprenda facendo, incentivando a creación de vídeos por parte das alumnas e dos alumnos como método para a aprendizaxe.
- Aproveitar o proxecto para traballar desde as aulas de Lingua a creación textual oral e escrita en galego e os xéneros informativos, ademais do traballo en contidos literarios.
- Aproveitar o proxecto para traballar nas aulas de Tecnoloxía e TIC a edición de vídeo.
- Aproveitar o proxecto para traballar a fotografía e o vídeo nas aulas de Educación Plástica e Visual.
- Aproveitar o proxecto para difundir e poñer en valor o conxunto das materias da ESO e do bacharelato.
- Fomentar a coordinación e o traballo en equipo.

Familias

- Integrarse máis no día a día do centro e estar máis informadas sobre as actividades, dinámicas e procesos de aprendizaxe en que diariamente participan os seus fillos e as súas fillas.

IES

- Implicar o conxunto da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias...) na vida e no día a día do IES, e promover de maneira transversal o uso e o prestixio da lingua galega nese día a día da comunidade.
- Incentivar a comunicación dos diversos proxectos, clubs, actividades etc., do IES e fomentar que esta sexa en galego.
- Mellorar o impacto social da actividade da Biblioteca, Club de Ciencia, Club de Lectura, Club de Debate, Horta do centro, Equipo de Robótica...

3.2 Obxectivos xerais e/ou a máis longo prazo

- Situar o galego como a lingua de uso público común da comunidade educativa.
- Coordinar a comunicación social do IES e dos seus diversos proxectos e establecer un modelo comunicativo dinámico, actual, innovador, participativo e en galego.
- Vincular a lingua galega cos medios, linguaxes e formas de comunicación máis actuais e innovadoras.
- Vincular e coordinar, a través da lingua, todos os proxectos e dinámicas educativas máis innovadoras do IES.
- Fomentar entre o alumnado o uso público do galego, principalmente oral e en situacións de certo prestixio para este (entrevistas, redes sociais, vídeos...).
- Situar o IES Rego de Trabe como un referente na comunicación social da súa actividade diaria.

4 Accións para acadar os obxectivos

- **Creación de recursos e produtos comunicativos e audiovisuais** para a publicación e/ou retransmisión a través de diferentes plataformas (en principio Instagram, mais tamén se usará Youtube e se valorará Twitch). Vídeos para comunicar ciencia, creacións artísticas como videoclips... Serán as propias rapazas e rapaces quen creen, co apoio do profesorado, eses produtos audiovisuais para difundir. Por exemplo:
 - Vídeos nos que as rapazas e os rapaces responsables dalgún dos proxectos do Club de Ciencia expliquen o seu proxecto.
 - Vídeos de explicación dos coidados necesarios da horta do IES ou dalgunha das súas hortalizas: semente, rega, recollida...
 - *Booktubers* e *booktrailers* de libros lidos no Club de Lectura ou en distintas materias con contidos literarios.
 - Vídeos de receitas, videopoemas, videoclips...
 - Vídeo *school tour* para presentar e amosar o IES e as súas instalacións.
 - Outros vídeos a partir de contidos e/ou proxectos de diferentes departamentos e materias, como Educación Física, Bioloxía, Lingua Galega, Música, Tecnoloxía etc.

Para incentivar a creación destes vídeos por parte do alumnado, entre outras cousas, crearase un premio con diferentes categorías.

- **Creación de contidos informativos** (novas, reportaxes, entrevistas...) sobre diferentes actividades e proxectos que se desenvolven no IES.
 - Entrevistas a persoas protagonistas, como alumnas/os que destaquen nalgún concurso ou competición, autoras/es que visiten o centro, responsables da ANPA, persoal do centro, profesionais que interesen por algún feito determinado...
 - *Draw my live* sobre persoeiros destacados (autores/as, mulleres na ciencia etc.).
 - Informativos (telexornais) ou reportaxes sobre actividades do centro, persoas destacadas, sobre unha temática concreta (dunha materia, dun personaxe, arredor dunha data sinalada...) etc.
- **Comunicación diaria** sobre a actividade e o día a día do IES, principalmente a través de *stories* e *reels* de Instagram e posibles directos de Twitch. Comunicación máis inmediata e "informal" sobre algunhas das cousas que se fan diariamente no instituto.

- **Accións concretas en días e celebracións salientables** (minirreportaxes divulgativas para difundir datos de interese para o alumnado, xogos de preguntas e respostas, xogos de adiviña ou descuberta, concursos, especiais...), como, por exemplo:
 - Mes da Ciencia en Galego (novembro).
 - Día Internacional contra a Violencia Machista (25 de novembro).
 - Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro).
 - Día Internacional da Muller (8 de marzo).
 - Semana da Prensa (do 7 ao 11 de marzo).
 - Día da Poesía (21 de marzo).
 - Día Mundial da Saúde (7 de abril).
 - Semana do Libro (do 18 ao 22 de abril).
 - Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio).
 - Día de Europa (9 de maio).
 - Semana das Letras Galegas (do 16 ao 20 de maio).
 - Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).
 - Etc.

- **Intercambio intercentros:** creación de vídeos e establecemento de comunicación audiovisual en directo no marco do proxecto **A lingua que nos une**, en colaboración co Departamento de Portugués, no que se fará un intercambio virtual continuado coa Escola Secundária de Gondomar-Porto (Portugal) e/ou co IES do Barral de Ponteareas. A temática destes vídeos poderá ser a presentación das correspondentes vilas e cidade ou dalgúns espazos relevantes delas, presentación dos propios IES, equipos deportivos de referencia na zona, persoas sobranceiras etc. Con eles practicarase e visualizarase a intercomprensión entre os rapaces e as rapazas das diversas zonas a través do común galego-portugués.

- **Conexión con outros proxectos e accións compartidas:** ademais da colaboración directa cos diversos departamentos e clubs do IES, desenvólvense algúns materiais ou accións compartidas con outros proxectos semellantes. En concreto:
 - Co Club de Lingua: gravación do vídeo "Abreviando... Qrtm8 e o d+ m=", con Ester Estévez e o equipo do #DigochoEu da TVG, despois de ser seleccionado o guión co finalista para participar no concurso de vídeos do programa.
 - Co contrato programa de EDUexcelencia, coa gravación de vídeos de monólogos.

- Co proxecto Lectura e Familia, desenvolvido en colaboración entre a Biblioteca e o EDLG e financiado pola Consellería de Educación, para a gravación e difusión de recomendacións literarias por e entre as familias.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

5.1 Metodoloxías

- A base metodolóxica do proxecto é a de **aprender facendo**, usando a comunicación como método e desculpa para a aprendizaxe. Por exemplo, facendo unha reportaxe de vídeo para informar de algo (un experimento científico, un personaxe histórico, un libro...) estase, á vez, aprendendo dese "algo" e ensinando sobre ese "algo". Isto motiva o alumnado e convérteo en protagonista da súa aprendizaxe.
- Todo o proxecto está asentado nunha **metodoloxía participativa e cooperativa**, na que o conxunto da comunidade é emisora e receptora, creadora de contidos e información e receptora deles.
- O **EDLG funciona como coordinador** do proxecto, pero cada departamento e cada club pode ter, ao mesmo tempo, unha persoa coordinadora e impulsora da creación do contido comunicativo.
- O **profesorado impulsa** tamén, no marco das materias que imparte, a creación de contido como traballo de afondamento da propia materia.
- O **fomento do uso e do prestixio da lingua galega é transversal** a todo o proceso.

5.2 Bases, valores e innovación do proxecto

Transversalidade

Procúrase que a lingua galega sexa vista e entendida de maneira positiva como "lingua pública común", como canalizadora da actividade do instituto, de maneira que se incentive o seu uso en actividades e proxectos de todas as áreas.

Cooperación

Búscase a creación dunha rede de traballo cooperativa na comunidade educativa entre o alumnado, o profesorado, as familias e o contorno do instituto co alumnado como protagonista e creador das accións comunicativas.

Retroalimentación

Comunicar o que se fai e facer para comunicar. Crear produtos audiovisuais (vídeos, directos, *stories*, entrevistas...) para comunicar cousas que se fan no IES. En moitas ocasións o produto comunicativo é o produto final do correspondente proxecto.

Protagonismo do alumnado

Os rapaces e as rapazas son dobremente protagonistas. Protagonistas da información e protagonistas do proceso de creación desa información.

Interdisciplinariade

RT procura a participación, implicación, coordinación e visualización de distintos departamentos didácticos, disciplinas, materias e proxectos (Club de Ciencia, Club de Debate, Club de Lectura...).

Impacto e difusión

Uso do galego para comunicar interna e externamente; para visualizar accións, actividades e proxectos; para crear vínculos entre o alumnado, profesorado, familias e contorna..., e todo a través das novas redes e plataformas tecnolóxicas comunicativas.

Aprender facendo

Úsase a creación da comunicación como método de aprendizaxe. O alumnado, ao preparar contido sobre un tema para comunicar, está aprendendo sobre ese tema.

Aprender entreténdose e divertíndose

Procúranse accións, métodos e actividades formativas dinámicas e que ao alumnado lle poidan resultar atractivas e divertidas, para conseguir así unha mellor aprendizaxe.

6 Xestión e temporalización

- O desenvolvemento deste proxecto está previsto durante todo o curso escolar 2021-2022. O primeiro trimestre dedicouse á planificación, preparación, información aos departamentos didácticos e aos diversos equipos e proxectos do IES etc., e o segundo e terceiro trimestre é a fase de desenvolvemento.
- O EDLG funciona como coordinador do proxecto pero cada departamento e/ou club funciona de maneira autónoma na creación ou impulso da creación do contido.
- O profesorado impulsa tamén, no marco das materias que imparte, a creación de contido como traballo de afondamento da propia materia.

Calendario de RT

	1ª avaliación				2ª avaliación			3ª avaliación		
	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Planificación, preparación, información aos departamentos didácticos e aos diversos equipos e proxectos do IES	X	X	X	X						
Comunicación diaria da actividade do IES			X	X	X	X	X	X	X	X
Desenvolvemento (creación e difusión de contidos específicos)					X	X	X	X	X	X
Concurso de impulso á creación de contidos por parte do alumnado							X	X	X	
Avaliación										X

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas

- Coordinación xeral do proxecto:
 - Xosé Manuel (Nel) Vidal Barral, como coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Coordinación tecnolóxica do proxecto:
 - M^a Beatriz Méndez Mareque, xefa do Departamento de Tecnoloxía e coordinadora TIC do IES.
- Coordinación da comunicación dos diversos clubs e proxectos do centro:
 - Cada club ou proxecto poderá ter unha persoa encargada da súa comunicación.
- Todo o profesorado que quere pode incentivar e axudar o seu alumnado na preparación de materiais comunicativos concretos sobre contidos da súa materia, contidos que se difundirán no marco e nas plataformas e redes deste proxecto.

En concreto, o profesorado directamente participante no proxecto é:

- Xosé Manuel Vidal Barral | Lingua e Literatura Galega | Coord.
- María Beatriz Méndez Mareque | Tecnoloxía | Docente
- Antía Cortizas Leira | Portugués | Docente
- Luis Javier Hierro Illanes | Economía | Docente
- Nuria Mulet Pérez | Bioloxía e Xeoloxía | Docente
- Sandra Villar Giner | Lingua e Literatura Galega | Docente

- Andrea Patiño Vázquez | Bioloxía e Xeoloxía | Docente
- Pablo Cobas Roca | Xeografía e Historia | Docente
- María Roca Moro | Educación Física | Docente
- Aida Alvela Louro | Bioloxía e Xeoloxía | Docente

7.2 Alumnado participante

O proxecto dirixese ao conxunto do alumnado do centro que, dun xeito directo, como creador, ou indirecto, como receptor, participa e é destinatario.

Ensinanza	Curso	Alumnos	Alumnas	Aulas
Bacharelato	1º de bacharelato	45	55	4
Bacharelato	2º de bacharelato	53	43	4
ESO	1º ESO	68	61	5
ESO	2º ESO	78	65	5
ESO	3º ESO	50	45	4
ESO	4º ESO	48	39	4
ESA	ESA mód. 3	13	7	1

7.3 Destinatarios/as e participantes

Son destinatarios/as e participantes todos os membros da comunidade escolar, aínda que con diferentes roles:

- **Alumnado:** destinatario principal e, ao mesmo tempo, protagonista de todo o proceso. Nalgún casos será o protagonista da información e noutros, ademais, tamén o creador.
- **Profesorado:** sempre destinatario e, nalgúns casos, protagonista e/ou creador da información.
- **Familias:** principalmente destinatarias, tamén, da información.
- **Contorna** do IES: tamén é destinataria da información.

8 Recursos materiais necesarios

- **Perfís en plataformas de comunicación e redes sociais.** As que se prevé utilizar son:
 - Instagram (@regodetrabe): plataforma principal de comunicación diaria a través de publicacións (información con foto e texto da actividade diaria, convocatorias...), *stories* (imaxe, vídeo e son curtiño e directo para amosar a actividade diaria, facer recordatorios, declaracións breves...), *reels* (vídeos curtos de información, actividade e aviso) e IGTV (para a difusión de vídeos máis longos e elaborados que tamén se difundirán en Youtube) e directos (entrevistas, seguimento dalgunha actividade...).
 - Youtube: repositorio de vídeos máis permanentes que, ao mesmo tempo, se difundirán tamén a través de IGTV.
 - Outras posibles redes: durante o desenvolvemento do proxecto valorarase o uso doutras redes e plataformas de comunicación, en especial Twitter (para certa difusión a través de texto e texto-imaxe) e Twitch (para vídeos en directo, entrevistas...).
- **Formación:**
 - Curso/obradoiro ou titorial formativo de creación de recursos audiovisuais para profesorado (xa desenvolvido no marco PFPP do IES C2131166 Curso de elaboración de material audiovisual).
 - Cursos/obradoiros ou titoriais formativos de creación de recursos audiovisuais para o alumnado.
- **Material audiovisual.** O IES conta con algo de dotación de material de gravación audiovisual (cámara, trípode, micro...) que se usará neste proxecto, mais, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, complementarase con:
 - Micrófonos de man, diadema e/ou lapela sen fíos para cámara, móbil ou iPad.
 - Chroma (panel e outros materiais).
 - Focos de iluminación para gravación.
 - iPads que permitan, ao mesmo tempo, gravación e edición de vídeo con calidade de maneira doada. Está prevista a compra de dous, para uso dos clubs (Lingua, Ciencia, Lectura...), Biblioteca, departamentos etc.
- **Premios:** para incentivar a creación de vídeos por parte do alumnado e procurar un aumento da cantidade, da calidade e das temáticas das creacións audiovisuais que se realicen. O premios poderán consistir en material tecnolóxico e/ou cultural ou vales para el.

9 Orzamento

Concepto	Investimento estimado
Material de gravación para uso de departamentos, clubs, profesorado e alumnado (en principio, previsto: dous iPads, fundas, soportes, micrófonos sen fíos e chroma)	1.500 €
Formación. Pequena acción formativa, ben presencial, ben a través de tutorial específico, para optimizar a creación de recursos audiovisuais didácticos.	300 €
Premios: para incentivar a creación de vídeos por parte do alumnado, a través dun concurso con premios consistentes en material tecnolóxico e/ou cultural ou vales para el.	450 €
Total	2.250 €

10 Colaboracións institucionais

Durante o desenvolvemento do proxecto estase a procurar a colaboración de diversas entidades, en especial as seguintes:

- Concello de Culleredo, principalmente a través do Servizo de Normalización Lingüística municipal (posible apoio ao financiamento de concursos e actividades, contactos etc.).
- Radio Culleredo. Radio municipal (entrevistas, difusión...).
- ANPA do IES (apoio a concursos, contactos...).
- Secretaría Xeral de Política Lingüística (apoio e asesoramento, a través de Proxecta+ e dos proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística do curso 2021/2022).
- Outros centros de ensino para proxectos concretos dentro deste. Por exemplo, o centro próximo IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo para poder desenvolver algún proxecto de dinamización lingüística conxunto ou o IES do Barral de Pontearreas e a Escola Secundária de Gondomar-Porto (Portugal) para o intercambio escolar virtual A lingua que nos une.

11 Medidas de difusión do proxecto

Todo o proxecto en si está baseado en boa medida na difusión e por iso as medidas e os medios previstos para esta xa se foron especificando ao longo de toda a redacción do proxecto.

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

A idea RT de aprendizaxe comunicativa consiste en desenvolver un proxecto transversal no que, a través da comunicación audiovisual, se incentiva e fomenta o uso e o prestixio da lingua galega no conxunto da comunidade escolar e en todos os ámbitos, proxectos e niveis do instituto. Así, principalmente por parte do alumnado, créanse recursos e produtos comunicativos e audiovisuais para a publicación e/ou retransmisión a través de diferentes plataformas (en principio Instagram, pero tamén se usará / valorará Youtube, Twitter e / ou Twitch), de modo que se comunica a actividade diaria do instituto e, a través do galego, se incentiva a creación de recursos comunicativos, divulgativos e formativos (vídeos, entrevistas, reportaxes, titoriais...) das diversas áreas e materias e dos múltiples e activos proxectos do IES Rego de Trabe (Club de Ciencia, EDLG, Robótica, Club de Debate, Biblioteca, Deportes, Club de Lectura, Espazo Maker, Horta...).

En definitiva, e en resumo, a idea consiste en usar a comunicación como método e "desculpa" para a aprendizaxe interdisciplinaria e á vez para o fomento do galego. O alumnado, ao preparar contidos sobre un tema para comunicar, aprende facendo, e faino dunha maneira activa e que lle resulta atractiva e motivadora.

Deste xeito, as principais canles de difusión serán as redes sociais e os formatos os máis dinámicos e propios de cada rede social:

- **Instagram:** plataforma principal de comunicación diaria a través de publicacións (información con foto e texto da actividade diaria, convocatorias...), **stories** (imaxe, vídeo e son curtiño e directo para amosar a actividade diaria, facer recordatorios, declaracións breves...), **reels** (vídeos curtos de información, actividade e aviso) e **IGTV** (para a difusión de vídeos máis longos e elaborados que tamén se difundirán en Youtube) e **directos** (entrevistas, seguimento dalgunha actividade...).
- **Youtube:** repositorio de vídeos máis permanentes que, ao mesmo tempo, se difundirán tamén a través de IGTV.
- **Outras redes:** durante o desenvolvemento do proxecto valorarase o uso doutras redes e plataformas de comunicación, sobre todo Twitter (para certa difusión a través de texto e texto-imaxe) e Twitch (para vídeos en directo, entrevistas...).

11.2 Alcance

- No propio centro o alumnado é informado e incentivado para participar directamente a través das diferentes materias e clubs de tal maneira que así tamén coñeza as canles de difusión das producións que se vaian facendo e que sexan públicas e poida acceder a elas. Desta maneira garántese **chegar ao 100 % do alumnado do centro** que, ademais dos vídeos que verá nas clases a través do profesorado, poderá seguir as redes sociais do centro para seguir a información que se vai publicando.
- As **familias e a contorna** do centro tamén son coñecedoras das redes do centro onde se publican as creacións públicas, conque tamén as seguen, ven e difunden. Cómpre ter en conta que non todas as creacións, non todos os vídeos son públicos, pois moitos deles son vistos e utilizados nas clases por parte do alumnado, pero non chegan a saír das aulas (isto, débese, sobre todo, a cuestións de permisos ou a reticencias por parte do alumnado creador / participante deses vídeos á súa difusión máis aló da aula).

12 Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

- Avaliación continua, obxectiva, cualitativa e cuantitativa do proceso que terá en conta o número de alumnas/os e profesoras/es implicadas/os así como a cantidade e calidade do material comunicativo audiovisual que se vaia creando.
- Avaliación de alcance e impacto, que terá en conta o número de visualizacións de *stories*, publicacións e vídeos, así como as interaccións, reaccións etc.
- Avaliación directa do profesorado implicado das diferentes materias sobre a calidade e interese do material específico creado polo alumnado.
- Avaliación externa realizada por persoas colaboradoras ás que se lles pida análise e opinión sobre o proxecto.
- Avaliación con enquisas cualitativas para o alumnado a final de curso.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso e prestixio da lingua galega na comunidade educativa

- Valoración do aumento da autoestima sociolingüística, como consecuencia da participación nun proxecto normalizador colectivo, de forma protagonista, entre iguais, con profesorado e alumnado como creador e destinatario, emisor e receptor simultáneo, do contido.
- Asociación do galego á innovación, ás plataformas e linguaxes de comunicación máis actuais e aos proxectos do centro máis dinámicos.
- Valoración do galego como a lingua de uso público común da comunidade educativa.
- Mellora e desenvolvemento das competencias comunicativas orais e escritas, formais e informais, con distinción de rexistros, mellora do vocabulario, diferenciación dos xéneros informativos e da información da opinión, mellora da expresión etc.

